



NORMATIVA

COPA GALICIA DE BATEIS

O Grove (Pontevedra), 13 de setembro de 2008 (Sábado)

ORGANIZACIÓN

Federación Galega de Remo e Amegrove C. R., en colaboración co Concello de O Grove.

MODALIDADE, CATEGORÍA, PERCORRIDO E XURADO

Promesa Masculino (Infantís e Cadetes):	1.000 m
Promesa Feminino (Infantís e Cadetes):	1.000 m

Comité de Xuices Árbitros de Galicia.

REUNIÓN DE DELEGADOS

Terá lugar na sede do Amegrove C. R., ás 10:30 horas. Deberá asistir un DELEGADO por Clube participante debidamente ACREDITADO.

HORARIO DE REGATAS

Horario de regatas, tanto das eliminatorias coma das finais, será o seguinte:

ELIMINATORIAS: a partir das 11:30 horas
FINAIS: a partir das 17:00 horas

As finais son clasificatorias para os II Xogos do Cantábrico de Bateis, a celebrar os días 20 e 21 de setembro en Navia (Asturias). Clasifican as 2 primeiras tripulacións de cada unha das categorías.

NOTA: O HORARIO ESTÁ SIXEITO Ó NÚMERO DE INSCRIPCIÓN. NO CASO DE QUE NON HABER SUFICIENTES INSCRIPCIÓN PARA FACER ELIMINATORIAS, FARANSE AS REGATAS NUNHA SOA SESIÓN DE TARDE, E A REUNIÓN DE DELEGADOS FARASE ÁS 15:30 HORAS NO LOCAL SOCIAL DO CLUBE AMEGROVE.

PESAXE DE PATRÓNS E EMBARCACIÓNS

Os patróns dos bateis nas categorías Cadete Masculino e Promesa Feminino non están obrigados a cumprir ningún peso mínimo. Os mesmos deberán cumprir a condición de ser do mesmo sexo que a categoría na que compiten.

A pesaxe das embarcacións quedará a criterio do xurado da regata.

INSCRIPCIÓNS

Ó obxecto de facilitar ó Clube organizador os Clubes participantes e tripulacións das distintas categorías, os Clubes deberán realizar as inscricións por Fax a esta FEDERACIÓN, antes das 21:00 horas do día 11 de setembro (xoves).